

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS (AGEM) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O SECTOR MUSICAL GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Empresas Musicais-AGEM o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data de sinatura ata o 30 de outubro de 2018.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento de accións formativas para o sector musical galego, concretadas na celebración en Santiago de Compostela, no mes de xuño de 2018, de xornadas informativas sobre aspectos xerais da nova lei de espectáculos, así como outras máis específicas para técnicos de cultura dos concellos galegos e outras mesas redondas sectoriais que teñen como finalidade a información sobre lexislación básica para espectáculos públicos en Galicia e o desenvolvemento da normativa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic estima como moi pertinente o establecemento de accións conxuntas coa Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto co fin de contribuír ao aproveitamento das actividades formativas para o sector musical galego, en especial en aplicación ao ámbito de Galicia, e poñendo en valor, deste xeito, o interese xeral na formación. Isto está en consonancia cunha das liñas de actuación fundamentais da Agadic, que é o apoio aos procesos de formación nos sectores escénico, musical e audiovisual, nos que o organismo xulga esencial o investimento tanto económico coma organizativo, sobre todo naquelas iniciativas claramente dirixidas ao exercicio profesional.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

